

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais chegan a un punto de encontro que permite desconvocar a folga do día 3 de maio.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais asinantes chegan ao seguinte acordo sobre a aplicación do calendario escolar para o curso 2007/2008, aprobado por Orde do 9 de abril de 2007 (DOG nº 73, do 16-04-2007).

Primeiro.- Para o curso académico 2007/2008 o calendario escolar dos centros docentes sostidos con fondos públicos, será o regulado pola referida orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, publicada no Diario Oficial de Galicia do día 16 de abril.

Segundo.- En aplicación do calendario escolar para o curso académico 2007/2008, garantirase que o alumnado terá, con carácter xeral, unha xornada escolar de cinco horas diarias durante todo o curso

Terceiro.- As posibles modificacións da xornada escolar, garantirán en todo momento, se fose o caso, o funcionamento do comedor escolar desde o mesmo día 12 de setembro ata o 20 de xuño de 2008 en Educación Primaria, conforme establece o artigo 4º da citada Orde do 9 de abril de 2007.

Cuarto.- Segundo se recolle nos artigos 9º ao 11º da Orde do 9 de abril de 2007, os centros educativos poderán solicitar unha modificación da xornada escolar. Esas posibles modificacións para os meses de setembro de 2007 e de xuño de 2008, serán dirixidas ás Delegacións Provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que se reúnan os seguintes requisitos:

- a) Petición expresa, formulada pola dirección do centro educativo previo acordo do Consello Escolar, adoptado por maioría simple.
- b) Indicación do horario escolar que se desenvolverá durante os meses de setembro de 2007 e xuño de 2008, cunha xornada, con carácter xeral, de cinco horas diarias.
- c) Indicación expresa de que se garante o funcionamento do comedor escolar, se fose o caso.

Quinto.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aprobará esa modificación da xornada para setembro e xuño sen máis trámite que a solicitude cando sexan centros sen transporte escolar. No caso de dispoñer deste servizo, estudarase caso por caso, procurando a máxima flexibilidade na organización do centro para facilitar, con carácter xeral, a xornada intensiva.

Sexta.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como xa anunciara en varias ocasións, negociará na Mesa Sectorial a redución da xornada de traballo do persoal pertencente aos corpos de mestres.

Sétima.- En relación co anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria negociará a mellora duns novos catálogos de postos de traballo dos centros de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Infantil e Primaria e Centros Públicos Integrados.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2007